



DATOS IDENTIFICATIVOS

Panorama das literaturas lusófonas

Materia	Panorama das literaturas lusófonas			
Código	V01G160V01506			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Baltrusch , Burghard			
Profesorado	Baltrusch , Burghard			
Correo-e	burg@uvigo.es			
Web	http://http://estudioslusofonos.blogspot.com/			
Descrición xeral	Nesta materia trátase de adquirir un coñecemento e unha comprensión básicas tocante aos desenvolvementos e ás correntes máis importantes da historia das literaturas e culturas lusófonas (portuguesa, brasileira e africana) a través de textos literarios, obras audiovisuais, música, entre outras. Leranse e comentaranse obras literarias seleccionadas dos ámbitos brasileiro, portugués e africano lusófono. O obxectivo consiste en comprender, saber relacionar e saber analizar de xeito crítico os principais desenvolvementos literarios e culturais contemporáneos en Portugal, no Brasil e nos PALOP a partir do comentario e da interpretación de textos literarios e outros fenómenos culturais.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.

B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Profundar coñecementos sobre a historia das culturas e dos países lusófonos.	A3	B3
Adquirir e saber aplicar coñecementos básicos sobre a historia das literaturas lusófonas.	A3 A6	B1 B3
Comprender, saber analizar, comentar e discutir de forma crítica textos literarios e outras producións culturais provenientes de diferentes ámbitos lusófonos.	A3 A6 A7 A8 A9 A11	B2 B3 B4
Saber redactar textos (en forma de posts, pequenos ensaios e/ou traballos de proxecto dirixidos), realizar exposicións orais e debater nun nivel académico e crítico sobre temas relacionados coa literatura e cultura lusófonas.	A6 A8 A9 A11 A12	B1 B2 B3 B4 B5
Saber elaborar textos e proxectos de divulgación e de didactización de contidos literarios e culturais lusófonos en diferentes soportes.	A9 A10 A11 A12	B2 B4

Contidos

Tema	
Elementos de estudos culturais portugueses e aspectos da historia da Lusofonía desde o século XII.	Historia de Portugal; Historia dos descubrimentos e da colonización; Historia do Brasil; Historia dos PALOP; Formación das identidades culturais e nacionais; Aspectos antropolóxicos e etnolóxicos seleccionados.
Aspectos seleccionados das principais épocas e correntes das literaturas portuguesa, brasileira e africana lusófona.	Renacemento; Barroco; Ilustración; Romanticismo; Modernismo e outras vangardas; Literatura colonial e poscolonial; Correntes actuais; Formación da literatura brasileira; Formación dos sistemas literarios nos PALOP.

Elementos de análise de correntes, de autoras/es e obras seleccionadas.	A Dama do Pé de Cabra; Fernão Lopes: Crónica de D. João I; Luís de Camões: Sonetos; Fernão Mendes Pinto: Peregrinação; José de Alencar: Iracema; Antropofagia e literatura no Romantismo brasileiro; Marquesa de Alorna; Almeida Garrett; Antero de Quental; Eça de Queirós; Cesário Verde: Sentimento dum Ocidental; Fernando Pessoa e o Modernismo em Portugal; Oswald de Andrade e o Modernismo brasileiro; Poesía concreta no Brasil; Clarice Lispector; Nélida Piñon; Luandino Vieira; José Craveirinha; Mia Couto; Paulina Chiziane; José Saramago; Adília Lopes; Hélia Correia; Isabela Figueiredo.
Exemplos seleccionados de música e obras audiovisuais contemporáneas da lusofonía.	Música portuguesa; Música brasileira (especialmente Caetano Veloso); Música de Cabo Verde; Cinema brasileiro; Cinema portugués; Cinema dos PALOP.
Elementos seleccionados da actualidade cultural lusófona.	Política; Blogs; Outros aspectos actuais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	15	0	15
Presentacións/exposicións	3	18	21
Obradoiros	4.5	9	13.5
Traballos tutelados	2	30	32
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	0	3
Debates	7.5	10	17.5
Estudo de casos/análises de situacións	7.5	10	17.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	25	29

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Organización interna da materia. Información bibliográfica. Introdución ás ferramentas dixitais. Temas e organización dos traballos tutelados e das exposicións orais.
Sesión maxistral	Os principais temas da materia serán introducidos a través dunha serie de exposicións maxistrals por parte do profesor en lingua portuguesa.
Presentacións/exposicións	Cada estudante preparará e realizará unha exposición oral sobre un tema relacionado cos contidos da materia. A exposición poderá ser realizada en lingua portuguesa ou galega.
Obradoiros	Realizaranse pequenos proxectos tutelados de divulgación e didactización de contidos relacionados coas literaturas e culturas lusófonas en diferentes soportes.
Traballos tutelados	Cada estudante realiza ao longo do semestre un traballo de proxecto escrito (en lingua portuguesa ou galega), dirixido polo profesor, sobre un tema relacionado coa literatura lusófona.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias, filmes, seminarios, etc. relacionados cos contidos da materia.
Debates	Realizarase unha serie de sesións, nas cales as/os estudantes deben participar en debates sobre cuestións relacionadas coas literaturas e culturas lusófonas, colocadas polo profesor e previamente preparadas polo alumnado.

Estudo de casos/análises Realizarase unha serie de sesións dedicadas á análise pormenorizada de textos literarios e/ou outros de situacións aspectos culturais específicos da lusofonía.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	 Tanto a preparación das exposicións orais, dos traballos tutelados, a revisión de exames e exercicios realizaranse a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo.
Obradoiros	 Tanto a preparación das exposicións orais, dos traballos tutelados, a revisión de exames e exercicios realizaranse a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo.
Traballos tutelados	 Tanto a preparación das exposicións orais, dos traballos tutelados, a revisión de exames e exercicios realizaranse a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo.
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	 Tanto a preparación das exposicións orais, dos traballos tutelados, a revisión de exames e exercicios realizaranse a través de titorías individualizadas. En certos casos poderán realizarse titorías en grupo.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Avaliarase unha exposición oral individual de aprox. 20 min., seguida de debate, así como o material de apoio elaborado pola/o estudante.	10
Obradoiros	Avaliarase a participación activa e as contribucións individuais nas diferentes actividades de divulgación e/ou didactización das literaturas e/ou culturas lusófonas (a concretar, p.e.: colaboración en blogs, realización de exposicións, recensións, etc.).	10
Traballos tutelados	Avaliarase un traballo escrito de aprox. 15 páxinas con introdución, parte principal, conclusión e bibliografía, seguindo as normas de estilo e referenciación bibliográfica indicadas polo profesor.	20
Debates	Avaliaranse as contribucións aos debates programados.	10
Estudo de casos/análises de situacións	Avaliaranse as contribucións ás análises específicas de textos literarios e/ou outros aspectos culturais da lusofonía.	10
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Todos os contidos vistos na aula son susceptíbeis de seren avaliados a través de 2 exames parciais a realizar despois da primeira metade e ao final do semestre. Cada un destes exames conta un 20% da nota final.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller a principio de curso ou un sistema de avaliación continua (cf. supra) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

No caso da avaliación única hai que aprobar todos os procedementos avaliadores para poder calcular a media final. A copia ou o plaxio penalizarase cun suspenso (nota numérica: 0) na proba correspondente.

É obrigatorio consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma TEMA e no BLOG asociado.

A condición para ser avaliada/o de forma continua será a asistencia a un 80% das aulas, a non ser que haxa motivos xustificadas para unha asistencia lixeiramente inferior.

Quen opte de forma directa pola avaliación única será avaliada/o ao final do primeiro período das actas (convocatoria de xaneiro) da seguinte forma:

1. cun exame escrito que abranguerá todos os contidos fundamentais da materia;
2. cun traballo tutelado dun mínimo de 20 páxinas sobre un tema previamente acordado co profesor e seguindo as normas de redacción e referenciación indicadas por este;
3. cun exame oral individual, no cal as/os estudantes deberán debater co profesor temas previamente acordados.

Cada unha destas 3 partes da avaliación única contará un terzo da nota final. A copia ou o plaxio penalizarase cun suspenso (nota numérica: 0) na proba correspondente.

Os mesmos criterios de avaliación aplicaranse no segundo período das actas.

As datas dos diferentes exames acordaranse co profesor coa antelación necesaria.

En todo caso, recoméndase a asistencia ás aulas e ás titorías e consultar regularmente os espazos virtuais da materia na plataforma TEMA e no BLOG asociado, mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

Bibliografía. Fontes de información

O docente engadirá na aula referencias bibliográficas específicas para cada un dos temas.

Activa (selección)

Araújo, Manuel António: *A aldeia das mulheres*, Lisboa: Lugar da Palavra 2011.

Horta, Maria Teresa: *As Luzes de Leonor*. Lisboa: Dom Quixote 2011.

Lispector, Clarice: *A hora da estrela*, Edição especial com áudio-livro, editora Rocco, 2006.

□ *Clarice Lispector* □ *Entrevistas*, editora Rocco, 2007.

□ *De amor e amizade. Crônicas para jovens*, organização: Pedro Karp Vasquez, editora Rocco 2010.

Lopes, Adília: *Dobra*. Lisboa: &etc 2009.

□ *Apanhar Ar*. Lisboa: Assírio&Alvim 2010.

□ *Quem quer casar com a poetisa?*. Sel., org. E posfácio de valter hugo mãe. Vila Nova de Famalicão: Quasi 2001.

Negreiros, Almada: *Nome de guerra* (in *Obras Completas*, vol. 2, Lisboa: Imprensa Nacional □ Casa da Moeda 1986).

Pasiva (selección)

AAVV. *História da Literatura Portuguesa*, DVD-ROM, Porto Editora 2002.

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.); Maria Adelina Amorim, Maria Lúcia Garcia Marques, Susana Brites Moita 2005.

Dicionário temático da lusofonia. Lisboa: Texto Editores 2010.

Enciclopédia Verbo das Literaturas de Língua Portuguesa, Lisboa: Verbo 1999.

Killam, G.D. / Kerfoot, Alicia L. *Student encyclopedia of African literature*, ABC-CLIO 2008.

Lopes, Óscar / Saraiva, António José. *História da Literatura Portuguesa*. Porto: Porto Editora. 16.^a ed., 2010.

Moisés, Massaud (ed.). *História da Literatura Brasileira*. 5 volumes. São Paulo: Cultrix 1989.

Picchio, Luciana Stegagno. *História da Literatura Brasileira*. Lacerda / Nova Aguilar 2004.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Língua portuguesa I/V01G160V01103

Idioma moderno: Língua portuguesa II/V01G160V01202

Literatura: Teoría da literatura/V01G160V01205

Crítica literaria/V01G160V01922

Outros comentarios

As clases desta materia impartiranse en lingua portuguesa, podendo as/os estudantes responder en lingua portuguesa, galega ou castelá, segundo as súas preferencias. Con todo, recoméndase con toda a insistencia que a/o estudante dispoña dun coñecemento pasivo suficiente de lingua portuguesa para poder seguir unha exposición académica e, tamén, para ler e comprender textos literarios e ensaísticos neste idioma.
